

VIVIREI ATA QUE O CORAZÓN ME DOA

Vivirei ata que o corazón me doa
para vivir, vivir sempre as emocións
coma o corazón, que tan forte sente
e é libre de vivir
en calquera lugar.
Vivirei ata que o corazón me doa.

Estíbaliz de Bonrostro López, 2º ESO

UN SORRISO DE ALEGRÍA

Sorriso de alegría
de nostalxia
de felicidade

Sorriso tristón
feliz
amable

Sorriso-acolledor
Sorriso-cómodo
Sorriso-frío.

Sorriso
cantante
Sorriso
silencioso

Sorriso de moitos gustos.

Estíbaliz de Bonrostro López, 2º ESO

BAILAREI ATA QUE O CORPO ME DOA

Bailarei ata que o corpo me doa,
para bailar, bailar sempre o meu tango
como a bolboreta, que tan alto voa
é libre de bailar
en calquera lado.
Bailarei ata que corpo me doa.

Naiara Rodríguez Rouco, 2º ESO

Flor de cores
de pétalos
de olores

Flor fermosa
branca
preciosa

Flor-seda
Flor-xoia
Flor-serea

Flor
candea
Flor
agarimo

Que bela flor, meu amigo!

Noa Vázquez Blanco, 2º ESO

O frío xeo
quitoume a sede
da boca,
pero torna en min
a calor
saciante
que estaba na súa boca.

Noa Vázquez Blanco, 2º ESO

Feliz é ela cando
Lle dá
O sol
Rozando os seus pétalos
.

Noa Vázquez Blanco, 2º ESO

NO BOSQUE HAI UNHA ÁRBORE

No bosque hai unha árbore,
na árbore hai un burato,
no burato hai un esquío,
no esquío hai amor.
Caeu unha landra.
Quen sabe como pasou!
Caeu enriba do chan,
no bosque da árbore
na árbore do burato,
no burato do esquío,
no esquío do amor.

Carla Rodríguez Rouco, 2º ESO

Tanta angustia que sentimos cando non estamos seguras de algo,
Rabia que percorre polo noso corpo por medo a equivocarnos,
Impaciencia para rematar as cousas canto antes,
Sufrimento pola perda dalguén que queríamos de verdade,
Terror que sentimos cando lle temos medo a algo,
Envexa cara algunhas persoas que cremos que son superiores a nós,
Zunido do río de bágoas cando o deixamos co noivo...
A tristeza está por todos lados.

Carla Rodríguez Rouco, 2º ESO

Ensinar ás persoas que non todo vai saír á primeira e que
Sempre hai que intentar as cousas varias veces sen renderse,
Pensando en que chegará o momento no que se consigan as metas
E poderemos enorgullecernos e animar aos demais a non
Renderse nunca ante todo aquilo que de verdade importa.
A rabia que podemos chegar a sentir merecerá a pena se
Nos esforzamos ao máximo sen importar as opinións dos demais,
Zapateaando todo o que nos veña por diante e loitar
Ante as enormes fochancas que nos podemos atopar.

Carla Rodríguez Rouco, 2º ESO

A felicidade que sentiamos cando estabamos con amigos comendo
Lambetadas e xeados, xogando todos xuntos no parque
Esperando que non se fixera de noite nunca e intentando
Gañar a carreira ata que chegasen os nosos pais, todos eses
Risos e berros que nos botabamos aquelas tardes cando
Iamos dun lado para o outro e nunca cansabamos.
A alegría naqueles momentos estaba sempre presente.

Carla Rodríguez Rouco, 2º ESO

O AMOR TEN

O amor ten un sentimento,
o sentimento ten unha paixón,
a paixón ten unha ilusión e
a ilusión ten unha motivación.

A motivación ten unha finalidade;
a finalidade, unha misión;
a misión, un compromiso;
o compromiso é o teu amor.

O teu amor ten un valor,
o valor ten una enerxía;
a enerxía, unha actividade;
a actividade, unha aprendizaxe.

A aprendizaxe ten un percorrido;
o percorrido, un camiño,
o camiño, un amor
que me leva ata o teu corazón.

David Pereira Santín, 2º ESO

A árbore ten unha flor
a flor ten unha un pétalo,
o pétalo ten unha cor
e esa cor recórdame ao meu amor.
Pasou unha dama!
-Quen sabe porque pasou!
coa súa flor e o seu amor,
co seu amor e a súa cor
e a cor da súa ilusión.

Iria María Amedo López, 2º ESO

A MIÑA LIBERDADE

Non me gusta cando chove
porque parece que o ceo está chorando
non me gusta cando trona
porque parece que ceo está berrando.

Son unha ave engaiolada,
por iso quero ver o ceo azul
e soñar coa miña liberdade,
sair desta gaiola chea de soidade.

A miña vista só alcanza
a ver as catro paredes e nada máis,
eu quero sobrevoar
o amplo ceo e o mar
brillando baixo a luz do sol.
Os peixes saltando,
as aves cantando

e despois estou eu
aquí chorando ao
pensar que iso
só é un soño e nada máis.

Espero a alguen que
rompa estas reixas,
pero moi no fondo
do meu corazón sei que
iso non vai pasar,
por iso teño que loitar
para conseguir a miña liberdade.

Teño que ser forte
para logo poder voar,
non poido deixar que
miñas ás se rompan
así sen máis.

Anum Zahra Hussain Begum, 3º ESO